



PREGUNTAS FRECUENTES

Pódense imputar gastos de inscrición a eventos de transferencia e de viaxes e aloxamentos relacionados coa devandita asistencia?

Os custos de viaxe e aloxamento ou de inscrición a eventos non están recollidos como elixibles no marco do PRIS-T. Iso non impide que no marco dunha subcontratación dun servizo de consultoría/I+D+i/outros, entre as actividades que preste a consultora inclúa a participación nun evento de transferencia etc. sempre que achegue valor ao proxecto.

Poden os proxectos PRIS-T ter temática libre?

O PRIS-T está no marco do proxecto POCTEP TransfireSaúde. Con todo, a temática é moi aberta (medicina personalizada, envellecemento) polo que cabe case calquera tipo de proxecto de investigación sanitaria.

Quen debe presentar as solicitudes en Galicia?

No caso de Galicia, as solicitudes presentaranse de maneira electrónica por parte de cada Fundación Pública de Investigación Biomédica. Os investigadores só deben cubrir o anexo posto a disposición e facilitarlllo á súa correspondente fundación para que eles presenten a candidatura.

Sobre o criterio do uso do galego (5%) nas actuacións que se vaian a realizar, presentaríase a memoria de solicitude e final en galego? Terían que traducirse ao galego as patentes, plans de negocio ou os posibles entregables contratados a consultores?

O criterio de uso do galego está recollido no apartado 16.1. e) "Avaliarase o emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita axuda: ata 5 puntos". A solicitude pódese enviar tanto en galego como en castelán e en ningún caso pódese penalizar o envío da solicitude en castelán. Por tanto, con incluír na memoria o compromiso de que as actividades ou publicacións que se vaian a facer



no marco do PRIS-T se realizarán en galego xa se obtería a máxima puntuación neste criterio.

Cantas candidaturas pode presentar un profesional?

Cada profesional ou grupo promotor poderá presentar, preferentemente, un máximo de tres (3) propostas de proxectos a través da Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica da súa área de influencia.

Se un profesional presenta unha candidatura, pode formar parte do equipo colaborativo noutra candidatura presentada por outro profesional?

Si, non existe ningún tipo de incompatibilidade nese sentido.

Pódense presentar os anexos en inglés?

Os campos do formulario deben ser cubertos en galego / castelán, idioma oficial da sede electrónica e os únicos permitidos para dirixirse á administración. Poderase admitir algún apartado moi específico en inglés ou que se fagan referencias a artigos etc. en inglés, pero a candidatura (é dicir, os anexos) deben cubrirse nos idiomas oficiais de Galicia: galego ou castelán.

Información ás persoas interesadas:

AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE (ACIS)

- a) Nas páxinas webs: <https://acis.sergas.gal/> e www.transfiresaude.eu
- b) Nos teléfonos 981 55 51 03 e 981 56 80 55 que se corresponden coa *área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria* da axencia
- c) No correo electrónico: op.transfiresaude@sergas.es

